

Condicionamentos para os usos non profesionais.

Os usuarios non profesionais poderán realizar tratamentos nos seguintes ámbitos:

- **Espazos de uso privado:** espazos verdes ou con algún tipo de vexetación en vivendas ou anexos a elas, ou a outras edificacións ou áreas que sexan exclusivamente de acceso privado ou veciñal, diferenciando entre
- **Xardíns domésticos de exterior:** espazos verdes de dominio privado, anexos ás vivendas.
- **Xardinaría doméstica de interior:** inclúe as plantas de interior e as cultivadas en balcóns, terrazas ou azoteas.
- **Hortas familiares:** áreas de extensión en que se cultiva un pequeno número de diferentes hortalizas ou froitos para aproveitamento familiar ou veciñal, tanto estean no recinto dun xardín doméstico como fóra deste.

Os produtos que poderán empregar son:

- **En xardíns domésticos de exterior e hortas familiares,** produtos expresamente autorizados para uso non profesional nestes ámbitos, conforme os requisitos especificados no anexo VIII do RD 1311/2012.
- **Na xardinaría doméstica de interior,** produtos envasados como aerosol ou noutros tipos de envase concibidos expresamente para a aplicación directa do seu contido, conforme os requisitos especificados no anexo VIII do RD 1311/2012.

Os envases unitarios de produtos fitosanitarios que se comercialicen para usuarios non profesionais non poderán exceder as seguintes capacidades:

- **Un litro,** cando se trate de aerosois ou outros tipos de envases deseñados para aplicar directamente o produto fitosanitario xa diluído contido.
- **500 g ou 500 ml** para calquera outro tipo de preparados.

En relación ó almacenamento e xestión de envases:

- Os usuarios non profesionais deberán gardar os produtos fitosanitarios nun **armario fóra do alcance dos nenos**, preferentemente nun local onde estes non teñan acceso.
- Salvo aqueles casos en que os envases estean adscritos a un sistema específico de depósito, devolución e retorno, os envases destinados a usuarios non profesionais depositaranse, unha vez baleiros, nos correspondentes contedores do sistema integrado de **xestión de envases para o ámbito urbano**.